



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Actos en conmemoración do Día das Letras Galegas: Viaxe cultural

CONVOCATORIA: Actos en conmemoración del Día das Letras Galegas

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Lingua galega

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	1
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2017
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

2. DESCRICIÓNS

DESCRIPCIÓN CURSO

A Real Academia Galega dedícalle o Día das Letras Galegas de 2017 ao escritor e editor ourensán Carlos Casares (1941-2002). A EGAP, como institución pública galega, súmase á homenaxe deste galego insigne organizando un acto literario, así como unha viaxe de interese cultural.

DESTINATARIOS

No acto literario poderá participar calquera persoa interesada. Á viaxe cultural terá acceso só o persoal empregado público ao servizo de calquera das administracións públicas de Galicia (ata 50 prazas). No caso de presentárense máis solicitudes que prazas, terá preferencia o persoal ao servizo da Administración da Xunta de Galicia.

PROGRAMA

3.1 O día 12 de maio, ás 12.00 horas, no salón de actos da EGAP, celebrarase un acto literario no que D. Xosé Carlos Caneiro e D. Emilio Rúa recitarán fragmentos da obra de Carlos Casares.

3.2 O día 13 de maio, terá lugar unha viaxe de interese cultural polos escenarios onde transcorreu unha boa parte da vida do autor agasallado. O programa e o percorrido poderanse consultar na páxina web da EGAP.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

As persoas interesadas en participar no acto literario, deberán formalizar a súa inscrición, a través da área de matrícula, da web da EGAP: <https://egap.xunta.gal/matricula/>. O prazo estará aberto dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, ata as 23.00 horas do día 10 de maio 2017.

Unha vez formalizada a inscrición a que se refire o punto anterior, as persoas interesadas en participar na viaxe cultural deberán, ademais, enviar un correo electrónico a novas.egap@xunta.gal, no que se indiquen o seu nome, apelidos e datos de contacto, así como o seu vínculo de pertenza a calquera das administracións públicas de Galicia.

A inscrición na viaxe implica a obrigatoriedade de asistir ao acto literario. Para a selección da viaxe cultural terase en conta a data e a hora de recepción do correo electrónico.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO1

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 13/05/2017 a 13/05/2017

NUM. PRAZAS: 33

ESTADO: NORMAL - (SELECCIÓN DISP.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE